



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO
REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

AXUDAS 2023

DIXITALIZACION DA PEME GALEGA

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

XUÑO 2023

NOVA AXENDA INDUSTRIAL DE GALICIA 2025

CONFIGURACIÓN / EIXOS



COMPETITIVIDADE / OBRADOIROS MULTIDISCIPLINARES

0,6 M€
(DOG 10.01.23)

> Espazos de encontro entre empresas para explorar solucións tecnolóxicas e vías de colaboración que dean lugar a proxectos de implementación de ferramentas colaborativas nos eidos da dixitalización, a sustentabilidade ou a loxística avanzada. Oportunidades de hibridación intersectorial.

100 %
axuda

> Organismos intermedios de carácter empresarial:
asociacións, clústers, centros tecnolóxicos



> Gastos de colaboracións externas e de persoal do organismo directamente relacionados coa execución do proxecto

> Subvención do 100% ata un máximo de 25.000 €

Data límite de solicitude: 10.02.23

Data límite execución e xustificación: 30.06.2024

COMPETITIVIDADE / DIXITALIZACIÓN INDUSTRIA 4.0

5,0 M€

(DOG 5.06.2023)

Datas límite

Solicitude: 5/07- 14.00h

**Execución e xustificación:
30.06.24**

+ 12 M € Previsión investimentos mobilizados

~40 %
axuda

> Pemes ou agrupacións de empresas: **proxectos individuais ou colectivos**

> Investimentos materiais e inmateriais (equipamento informático, software) e Colaboracións externas necesarias.

> 25%-35% investimentos // 50% colaboracións externas

> Tres tramos de competencia:



Convocatoria	Partida orzamentaria	Ano 2023	Ano 2024	Total
Liña IG240 axudas: proxectos tipo 1 (<50.000,00 €)	05.A1.741.A.7700	50.000,00 €	1.450.000,00 €	1.500.000,00 €
Liña IG240 axudas: proxectos tipo 2 (entre 50.000,00 € e 120.000,00 €)	05.A1.741.A.7700	25.000,00 €	1.475.000,00 €	1.500.000,00 €
Liña IG240 axudas: proxectos tipo 3 (>120.000,00 €)	05.A1.741.A.7700	25.000,00 €	1.975.000,00 €	2.000.000,00 €
Total:		100.000,00 €	4.900.000,00 €	5.000.000,00 €

COMPETITIVIDADE / DIXITALIZACIÓN INDUSTRIA 4.0

MODALIDADE DE PROXECTOS:

a) **Proxectos colectivos**, en que un grupo de empresas (opcionalmente coordinadas por un organismo intermedio colaborador) aborda unha das seguintes tipoloxías de proxecto:

- 1º. Propoñen utilizar e implantar un determinado sistema nas súas **interaccións dixitais**.
- 2º. Propoñen a implantación dun sistema de dixitalización, dalgún **proceso ou de xestión integral**, especificamente deseñado ou desenvolvido para o seu ámbito de actividade.



b) **Proxectos individuais en que unha peme** aborda unha das seguintes tipoloxías de proxecto:

- 1º. Desenvolvemento dunha **interface dixital para as súas interaccións de negocio**, ou adopción/implantación dunha solución de interacción xa existente cos seus clientes ou provedores.
- 2º. Sistemas de intelixencia artificial, aprendizaxe automática e toma de decisións autónomas, interconexión de elementos físicos e virtuais, tratamento de datos captados (intelixencia de negocio, big data e similares) e ciberseguridade.
- 3º. Implementación de sistemas encamiñados á dixitalización de procesos concretos ou de xestión integral (ERP, CRM e similares).

COMPETITIVIDADE / DIXITALIZACIÓN INDUSTRIA 4.0

GASTOS SUBVENCIONABLES:

- a) **Investimentos materiais e/ou inmateriais novos adquiridos en propiedade**, (que para ser subvencionables deben contabilizarse nunha conta contable do grupo 2) que sexan necesarios para o desenvolvemento do proxecto. Exclúese a adquisición e acondicionamento de inmobles, gastos de mobiliario, medios de transporte, equipamento de oficina e o equipamento TIC básico.
- b) **Servizos de consultoría externa de carácter tecnolóxico ou organizativo** (para ser subvencionables debe contabilizarse nunha conta contable do grupo 6): asistencia técnica e consultoría directamente relacionada coa execución do proxecto. As colaboracións externas subvencionables deberán contribuír aos obxectivos específicos do proxecto e, polo tanto, non consistirán en actividades permanentes ou periódicas nin estarán relacionadas cos gastos de explotación normais da empresa.
- b) **Nos proxectos colectivos**: se se opta por contar cun organismo intermedio, este poderá facturar ás pemes participantes en concepto de gastos de coordinación do proxecto, ata un máximo de 1.500 €/empresa e de 5.000 € en total (excluído o IVE). Ese importe considerarase gasto subvencionable de colaboracións externas e dividirase entre todas as pemes participantes.
- c) **Nos proxectos individuais 1.b).1 e .2**, con importe subvencionable superior a 50.000 € e que sexan coordinados por un hub de innovación dixital dos seleccionados ao abeiro da Estratexia galega de HID, poderase considerar subvencionable un importe máximo de 5.000 € (excluído o IVE) en concepto desta coordinación.

LIMITE INFERIOR DE GASTO:

Proxectos Colectivos: 10.000 € por empresa participante

Proxectos Individuais: 12.000 €

COMPETITIVIDADE / DIXITALIZACIÓN INDUSTRIA 4.0

GASTOS SUBVENCIONABLES- OFERTAS:

Cando o importe dos investimentos ou gastos subvencionables supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, para o contrato menor, **importe igual ou superior a 15.000,00 €**, a persoa beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, **tres ofertas de diferentes provedores** con carácter previo á súa contratación, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades de subministración

REQUISITOS:

- a) **Comparabilidade:** conceptos análogos e comparables e co detalle suficiente para a súa comparación.
- b) **Non vinculación:** os provedores das tres ofertas non poderán ser vinculados entre si.
- c) **Identificación do ofertante e do destinatario:** deberán conter a razón social, o domicilio e o número ou código de identificación fiscal.
- d) **Data e validez:** todas as ofertas deberán mostrar unha data de emisión e un prazo de validez. As ofertas non poderán ter un prazo de validez vencido na data de presentación da solicitude.

Non serán admisibles as ofertas emitidas por provedores que non teñan a capacidade para a subministración do ben ou servizo ou que semellen de compracencia (contido e formato idénticos ou extremadamente similares entre ofertas, erros idénticos ou aparencia non habitual, entre outros).

COMPETITIVIDADE / DIXITALIZACIÓN INDUSTRIA 4.0

CUMPRIMENTO PRAZOS LEI 3/2004:

Para subvención de importe superior a 30.000,00 €, a empresas deben cumprir os prazos de pagamento previstos na Lei 3/2004.

NA PRÁCTICA: No momento da solicitude non deben existir facturas pendentes de pagamento cunha antigüidade superior a 60 días

COMO SE ACREDITA?:

- a) Solicitantes que poidan presentar conta de perdas e ganancias abreviada => Declaración responsable
- b) Solicitantes que NON poida presentar conta de perdas e ganancias abreviada => Certificado de auditor rexistrado no ROAC

- Para detalles máis polo miúdo ver Anexo V da convocatoria.

- Modelos de declaración responsable disponibles no formulario de solicitude.

CRITERIOS DE AVALIACION _ AXUDAS DIXITALIZACION

1º. Calidade técnica do proxecto: ata 60 puntos, que se avaliarán con cada un dos seguintes parámetros:

i. Descrición do proxecto (15 puntos):

- a. Grao de análise previa da situación: descrición clara e concreta do problema ou a necesidade que se pretende abordar ... (6 puntos).
- b. Claridade na definición e obxectivos (6 puntos).
- c. Grao de elaboración e concreción da proposta (3 puntos).

ii. Adecuación do proxecto (20 puntos):

- a. Descrición de aspectos claves, actuacións e entregables (10 puntos).
- b. Coherencia na organización e planificación do traballo (5 puntos).
- c. Viabilidade técnica e económica, custo da solución e tempo de implementación, adecuación do orzamento e dos medios humanos (5 puntos).

iii. Tipo de solución e melloras esperadas (20 puntos):

- a. Estimación cualitativa e cuantitativa das melloras esperadas, que se avaliará en función da coherencia entre o proxecto e os resultados previstos (5 puntos).
- b. Xustificación do provedor escollido e o tipo de solución adoptado (10 puntos)
- c. Amplitude da solución proposta, grao de madurez e nivel tecnolóxico (5 puntos)

iv. Proxectos das modalidades dos artigos 1.1.b).1º e 1.1.b).2º, con importe subvencionable superior a 50.000 €, e que sexan coordinados por un hub de innovación dixital dos seleccionados ao abeiro da Estratexia galega de HID: (5 puntos)

CRITERIOS DE AVALIACION _ AXUDAS DIXITALIZACION

2º. Adecuación dos investimentos e capacidade económica (15 puntos):

- i. Identificación de partidas, desagregación dos orzamentos (2 puntos).
- ii. Calidade de ofertas e provedores (9 puntos):
 - Alcance das ofertas.
 - Solvencia do provedor
 - Documentación empregada para solicitar a oferta ou adxunta a esta.
- iii. Viabilidade do proxecto fronte ao volume da empresa: ratio de investimento fronte a facturación declarada (4 puntos).

3º. Alcance do proxecto: ata 10 puntos, que se avaliarán do seguinte xeito:

- i. Número de empresas beneficiarias do proxecto: 1 punto por empresa, ata un máximo de 5 puntos (para proxectos individuais: 1 punto).
- ii. Nivel de interacción dos procesos entre empresas: ata 5 puntos, que se asignarán en función da cantidade e importancia de procesos interempresariais a que se apliquen os obxectivos previstos. Nos proxectos individuais outorgarase 1 punto.

CRITERIOS DE AVALIACION _ AXUDAS DIXITALIZACION

4º Sector ou ámbito de actividade en que se desenvolva o proxecto: 10 puntos, que se outorgarán a proxectos onde a maioría das empresas que participen pertenza a sectores prioritarios definidos na Axenda de competitividade

- i. Estratéxicos: agroalimentación, automoción, enerxías renovables, madeira/forestal, naval/industria marítima, pedra natural, téxtil-moda.
- ii. Emerxentes e de alto potencial: aeronáutico/aeroespacial, industria da saúde e do benestar, industrias creativas, biotecnoloxía, novos materiais, ecoindustria, TIC.

5º. Proxecto en concello emprendedor: 5 puntos, que se outorgarán a proxectos que se desenvolvan nun concello declarado como concello emprendedor.

<https://galiciaempresa.xunta.gal/es/concellos-emprendedores>

AXENDA INDUSTRIAL DE GALICIA 2025

En Galicia, contigo #SeguimosAdiante